



## DATAS 2013

[1ª QUENDA]

3º primaria  
do 27 ao 30 de xuño

[2ª QUENDA]

4º, 5º, 6º primaria  
do 8 ao 15 de xullo

[3ª QUENDA]

1º, 2º, 3º, 4º ESO e 1º e 2º Bach  
do 15 ao 22 de xullo

## CUOTAS

30 euros > 1ª quenda

65 euros > 2ª e 3ª quenda

## PRAZO DE INSCRICION

1ª quenda remata o 13 de xuño

2ª e 3ª quenda remata o 24 de xuño

O venres 6 de Xuño, ás 8h30 da tarde faremos unha reunión de presentación e información dos campamentos. Asiste a ela se estás pensando enviar aos teus fillos. Mesmo se xa teñen ido agardámoste para que poidas chegar aos demais a túa experiencia.

- Ninguén que queira participar debe deixar de facelo por causas económicas. Esta comunidade atende calquera situación persoal. Soamente hai que dicilo.

- A SAÍDA dos autobuses é para todos ás 4h30 do serán, e os REGRESOS ao redor das 7h00 do serán.



**VILÁN 2014**  
**CAMPAMENTOS DE VERÁN**



## :: ONDE IMOS?

A parroquia posúe en Vilán (Fornelos de Montes) unha casa habilitada cunha finca de 5.000 m2 para facer convivencias e campamentos. Son dúas edificacións de pedra, das que unha está dedicada a servizos comúns: baños, cociña, sala de xogos... e outra ás habitacións.

En menos de dez minutos a pé temos a praia fluvial, que sérvenos moitos días de zona de baño segura e agradable.

## :: QUE FACEMOS?

Nos campamentos hai momentos para todo: o aseo persoal, a limpeza dos espazos comúns, a reflexión, o exercicio das habilidades manuais, o deporte, xogos e actividades diúrnas e nocturnas, o baño,... mesmo facemos un pouquiño de sendeirismo.

## :: OS NOSOS CAMPAMENTOS

Para nós o máis importante é o espazo privilexiado de convivencia e posta en práctica de valores de solidariedade e axuda entre nen@s e tamén entre eles e adultos. É por iso que nos gusta dicir que son auténticas "escolas para a vida".

Sabemos que participar nun campamento da aos rapaces unha chea de vivencias que non é fácil ter noutros momentos da súa vida cotiá. Neste modelo social non é habitual poder ter vivencia do que significa compartir tempos, espazos e protagonismo con outros, atendendo prioritariamente aos intereses comúns por riba dos desexos puramente individualistas. Moitos deles tampouco teñen ocasión de experimentar a diversión como algo ao que se pode acceder sen ser preciso inverter cartos.

Sen dúbida, para nós son un tempo privilexiado para a transmisión dos valores humanos e cristiáns nos que estamos empeñados.

## :: QUEN O FAI POSIBLE?

O equipo de monitores (ao redor de 1 por 5 nen@s) con formación e experiencia no eido das actividades de tempo libre e a catequese. Outras persoas da comunidade colaboran na cociña, no arranxo dos locais e o material. Tod@s dedican o seu tempo a prol dos rapaces.

## :: QUE FAI FALLA?

Sobre todo, ganas de pasalo ben, e ilusión por compartir con outros nen@s uns días inesquecibles. Non virá mal tampouco un pequeno equipamento:

*Documentos:*

- Autorización
- Fotocopia tarxeta Sergas (entregar coa inscrición)

*Para o aseo persoal:*

- Cepillo e pasta de dentes
- Xabón
- Peine
- Toalla grande
- Crema protectora solar

*Para a noite:*

- Saco de durmir
- Saba baixa axustable
- Un coxín ou almofada


*Roupa en xeral:*

- Camisetas, pantalóns...
- Calcetíns, roupa interior
- Sudadera
- Chuvasqueiro
- Gorra
- Traxe de baño (2)
- Calzado deportivo
- Chanclas

*Outros:*

- Servilleta de tea
- Bolígrafo e caderno
- Lanterna

+info: tel. 986 213453 | comunidadebasecoia.org | info@comunidadebasecoia.org  
facebook.com/cristo.victoria | twitter.com/cristovictoria



## :: Ficha de Inscrición ::

D/Dona. \_\_\_\_\_ autorizo ao meu fillo/a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos de idade, que cursa \_\_\_\_\_, que vive na rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, andar \_\_\_\_\_, co teléfono: \_\_\_\_\_ que participa na catequese parroquial do "Cristo da Victoria", a asistir ao Campamento de Verán, que terá lugar en Vilán (Fornelos de Montes) entre os días \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de 2014.

Tamén declaro que non existe ningún impedimento físico, sanitario ou enfermidade infecto-contaxiosa que incapacite ao meu fillo/a a asistir a devandito campamento.

Entregar na Parroquia antes do:  
13 de xuño (1ª quenda) e 24 de xuño (2ª e 3ª quenda)